**IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA**
Agra de Baño 21, Muros-15259
Tlf.: 881 867 110
ies.fontxeria@edu.xunta.es



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**DEPARTAMENTO: FILOSOFÍA**
**CURSO: 1º BACHARELATO**
**MATERIA: VALORES ÉTICOS**
**PROFESOR/A: Guadalupe Morilla Ruiz**

## 1. Estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias imprescindibles da 1ª e 2ª avaliación

### 1ª AVALIACIÓN

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias imprescindibles |
|---|---|---|
| ▪ B 1.1. Interpretar e valorar a importancia do respeto ás normas sinalando os atributos que lexitiman as normas en base a dereitos fundamentais univeralmente recoñecidos. | ▪ VEB 1.1.1. Identifica os atributos inherentes á natureza do ser humano, a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.<br>▪ VEB 1.1.2. Identifica, na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, como atributos esenciais do ser humano: a razón, a conciencia e a liberdade.<br>▪ VEB 1.1.3. Relaciona de forma adecuada os seguintes termos e expresións: lexitimidade, principios fundamentais, principios xerais do dereito, valores da constitución española, dereito natural, dereito positivo, relativismo cultural, etc. | CAA<br>CSC<br>CEC<br>CCL |
| ▪ B 2.1. Explicar os principios que deben rexer as relacións entre os seres humanos co fin de favorecer unha convivencia harmónica, conciliadora, plural e | ▪ VEB 2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual, ilustrando os contidos máis sobresaíntes tratados no tema expoñendo as súas conclusións de forma argumentada. | CCL<br>CAA<br>CD |

| | | |
|---|---|---|
| respectuosa. | | CSC |
| ▪ B 3.1. Recoñecer que, no mundo actual o materialismo segue tendo moito peso na sociedade en onde a posta en valor da singularidade de cada persoa como ser único e irrepetible, está en crise. | ▪ VEB 3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética de Kant na súa crítica da razón práctica.<br>▪ VEB 3.1.3. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o rodean identificando as limitacións e oportunidades do diálogo e cosificación da xente desde as perspectivas sociais, laboráis, educativas, económicas, familiares, afectivas, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que o han de guialo. | CAA<br>CSC<br>CEC |

## 2º AVALIACIÓN

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias imprescindibles |
|---|---|---|
| ▪ B 4.1. Concebir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e difusión dos dereitos humanos, tanto na súa vida persoal como social. | ▪ VEB 4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza que os cidadáns coñezan e cumpran cos seus deberes, entre eles, a defensa dos valores éticos e cívicos, o coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, a participación na elección dos representantes públicos, o respecto e a tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, o acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, así como o pagamento dos impostos establecidos, entre outros. | CSC<br>CAA<br>CCEC |
| | ▪ VEB 4.1.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os Estados, e os seus representantes, de manter unha actitude de exemplaridade fusionando a ética coa política, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, especialmente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos, a súa vixencia e a necesidade de | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |

| | | |
|---|---|---|
| | respectalos en todo o mundo, como o deber de contribuir na costrución dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos dos demais, a honestidade, a lealdade, o pacifismo, a prudencia e a mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da naturerza, entre outros. | |
| ▪ B 6.1. Identificar e comprender o fío histórico da evolución da ética desde o comezo da Historia valorando o progreso dos dereitos humano. | ▪ VEB 6.1.1. Utiliza información de xeito que identifica ós filósofos desde a perspectiva da súa obra ética e política. Apreciando o interese pola chamada filosofía práctica dentro da propia tradición filosófica e en especial desde a nosa cultura, comprendendo e identificando as correntes máis representativas do século XX. | CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CCL |

## 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Os traballos da 1º avaliación xa fora realizada, tamén foi realizado os exercicios e traballos da 2ª avalición antes de que entrase en vigor o decreto do 14 de marzo polo que se estableceu o Estado de Alarma e a conseguinte suspensión das clases presenciais. Neste momento ningún dos alumnos que cursan a asignatura de Valores Éticos teñe algunha avalición suspensa. Aínda así, o alumnado que quera poderá subir a nota obtida nas dúas primeiras avalicións cun traballo de cada unha delas que entregarase durante a primeira semana de xunio e tendo como referente os criterios de avalición e estánderes imprescindibles arriba indicados. Dentro dos estándares os alumnos/as poderán escoller o tema sobre o que realizarían o traballo.

Sempre gardarase a nota máis alta obtida polo alumno/a.

### - Actividades de repaso, reforzo ou ampliación

Debido a que durante o curso presencial deu tempo a realizar as actividades dos contidos da 1ª e 2ª avaliación sen que fora necesario recuperar ningunha das avaliacións por parte dos alumnos/as, desde o 16 de marzo estáse a realizar tarefas de repaso e reforzo da materia cuxo contido non será obxecto de avalición, a non ser de xeito positivo e cun máximo de 1 punto sobre a nota final sempre co fin de beneficiar e recoñecer o traballo e esforzo dos alumnos/as. De ningún xeito

a non participación das clase telemáticas ou non entregar os traballos e actividades que se veñen desenvolvendo desde a suspensión das clases presenciais repercutirá negativamente sobre a nota final, polo que o punto que se pode opter por seguir as tarefas do 3º trimestre ten a mesma consideración que os traballos de carácter voluntario.

### - Metodoloxía:

A comunicación co alumno é a través da aula virtual, correo electrónico, e plataforma habilitada pola consellería, Cisco Webex.

### - Materiais e recursos:

Utilízase os apuntes que foron entregados na aula durante o 1º e 2ª avalición (de cara os posibles traballos para subir nota durante o 3º trimestre) e actividades que se penduran semanalmente na aula virtual. Tamén se fai uso de vídeos e artigos que pendúranse na aula virtual.

## 3. AVALICIÓN E CUALIFICACIÓN

### - Instrumentos

Nas dúas primeiras avalicións: traballos individuais.

No período sen docencia presencial: exercicios facéndo uso dos apuntes entregados o longo do curso e outros recursos pendurados na aula virtual así como da información que os alumnos poden achegar facendo uso principalmente de internet. Tamén recoméndaselles material audiovisual que poda reforzar ou mesmo completar o contido do visto durante as dúas primeiras avalicións.

### - Procedemento para o cálculo da cualificación final

A nota final será a media ponderada da 1ª (50%) e da 2ª avalición (50%). Poderase subir ata 1 punto pola calidade (ata 0,5 puntos), orixinalidade (ata 0,4 puntos) e cumprimento dos prazos (ata 0,1 puntos) na entrega das actividades propostas no período sen docencia presencial.

**IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA**
Agra de Baño 21, Muros-15259
Tlf.: 881 867 110
ies.fontxeria@edu.xunta.es



## 4. Procedemento para información ao alumnado e familias. Publicidade

Esta información estará na páxina web do centro. Ademais a profesora indicará ao alumnado individualmente e por correo electrónico o que ten que recuperar así como a corrección das tarefas achegadas o longo da 3º trimestre.

## 5. Exames de setembro

Non hai ningún suspenso, se algún alumno se presentase a proba extraordinaria de setembro por necesidades de subir nota se realizará unha proba consistente nunha parte tipo test (6 puntos) e 2 preguntas para desenvolver (4 puntos), o contido da proba basearase nos estándares e criterios de avalición indicados máis arriba.